



## ANUNCIO

Extracto dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local do Concello de Marín, na sesión ordinaria que tivo lugar o **día 20 de xaneiro de 2016**.

**1.- Aprobación do borrador** da acta da sesión ordinaria do 13 de xaneiro de 2016.

**2.- Concesión de licenza** para construción de vivenda unifamiliar de planta baixa e primeira en Ruanova – San Xulian, Marín.

**3.- Solicitar subvención** ó organismo provincial con cargo ás baixas do Plan Provincial de Obras e Servizos 2015.

**4.- Toma en coñecemento** da Resolución da Deputación Provincial, ampliando o prazo para a presentación, polas entidades locais da provincia, de solicitudes para a implantación de centros de compostaxe comunitarios.

**5.- Toma en coñecemento** da Resolución da Deputación Provincial aprobando o reparto definitivo do crédito ó abeiro do Plan de Obras e Servizos (Plan de Concellos) 2016.

**6.- Toma en coñecemento** da Resolución do Instituto Enerxético de Galicia (Inega) minorando a contía da subvención concedida para a renovación das instalacións de iluminación pública exterior (ILE) 2015 solicitada pola agrupación dos concellos de Pontevedra e Marín.

**Asuntos urxentes:** A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, decidiu tratar pola vía de urxencia os seguintes asuntos:

**7.- Solicitar subvención** para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais.

**8.- Solicitar subvención** para a contratación de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (RISGA)

**9.- Toma en coñecemento** do acordo adoptado pola Xunta de de Goberno da Deputación de Provincial de Pontevedra, de 15.01.16, de aprobación da convocatoria de 200 bolsas de práctica laboral para a Deputación e Concello da provincia de Pontevedra.

**10.- Resolución do contrato administrativo do servizo** de “INFORMACIÓN E ASISTENCIA XURIDICA ÁS PERSOAS USUARIAS DO CENTRO DE INFORMACIÓN ÁS MULLERES DO CONCELLO DE MARIN” por incumprimento imputable á contratista para a súa revisión a ditame do Consello Consultivo con suspensión do prazo de tramitación do expediente.

**11.- Rogos e preguntas.** Non se formulan.